

## COMISIÓN DE PERSOAL EXTRAORDINARIA: CARREIRA PROFESIONAL E COMPLEMENTO DE DESEMPEÑO

Santiago de Compostela 16/11/2022

### PROCEDEMENTO ACCESO GRAO I E II DO SISTEMA EXTRAORDINARIO DE CARREIRA ADMINISTRATIVA E DE COMPLEMENTO DE DESEMPEÑO DO POSTO

#### Valoración de UGT:

Tendo en conta que se estimaron case a totalidade das nosas alegacións valoramos positivamente o procedemento de restitución do dereito á **complemento de carreira de persoal funcionario e complemento de desempeño de persoal laboral, con regulacións idénticas**, paralizado polos enredos dalgúns, que en lugar de conseguir a extensión do dereito, **ANULARON a posibilidade aberta por UGT na Comisión de Persoal de xullo do 2019 de universalizar o dereito a todo o persoal**, e liáronse nun erro xurídico-sindical sen precedentes, truncando a posibilidade de progresión universal na carreira extraordinaria do persoal empregado público da administración xeral da Xunta de Galicia.

Restituír este dereito anulado supuxo renegociar e acordar, e agora apelamos e esperamos que a tramitación do procedemento informático de solicitude permita a axilidade e prontitude do cobro da carreira de todo o ano 2022 (o 60% do total) anunciado para xaneiro de 2023, e iniciar **xaneiro do 2023** co segundo tramo de carreira (outro 20%), que **nos sitúa co 80% do complemento de carreira e do complemento de desempeño**.

O persoal empregado público merece a restitución deste dereito que xunto co incremento xeral estatal das retribucións permite **amortecer en xaneiro de 2023 a perda de poder adquisitivo nunha media do 10,15%**.

([accede aos documentos do procedemento de carreira e desempeño neste enlace](#)).

Votación: **UGT: A FAVOR** CIG: en contra CCOO: a favor CSIF: a favor en funcionarios, en contra en laborais.

Función pública ante a contumaz persistencia de que non se pagou porque no se quixo, insiste que **o Acordo anterior é nulo pola sentenza de CIG, apelou a non liala de novo**, retrotraer a 2019 e anular todo de novo.

**UGT Servizos públicos, espera** que mais alá dos planfletos para manter a irracionalidade e defensa numantina da perda dun dereito, o papel pode con todo, **que sexan útiles ou non obstaculicen a restitución dun dereito que nunca debeu anular un sindicato**. Agardamos non volvan e reincidir na perda e na pena de ser un **inútil sindicato maioritario**.

## PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE CREA O CENTRO DE INNOVACIÓN EDUCATIVA E DIXITAL (CIDEX)

[Accede a o documento premendo neste enlace](#)

Iniciado o trámite en maio de 2020, e por tratarse dun Decreto, se remitiu o Consello Consultivo que parece ser indicou debería pasar a consulta en Mesa xeral.

O representante da Consellería remítese a que na Orde desenvolverase a estrutura e demais cuestións, e que no seu momento levarase a negociación á RPT que inclúa as prazas creadas no mesmo.

**UGT Servizos Públicos** reiteramos as alegacións feitas en Mesa Sectorial de Ensino e no Consello Escolar de Galicia, e dende unha posición non contraria a crear unha estrutura que potencie a innovación educativa dixital, seguimos sen información dos recursos e estrutura departamental e de asesorías, e de como afecta o CAFI que tiña unha parte de función de innovación, e outros aspectos como unha dirección que non é por concurso, ou a limitación a 1 ano da xefatura de departamento, tampouco foron estimadas.

Votación: **UGT: ABSTENCIÓN**      CIG: abstención      CCOO: en contra      CSIF: abstención.

## ROGOS E PREGUNTAS:

A Dirección Xeral da Función Pública informa con carácter previo:

- O **luns 21** prevista publicación do **baremo definitivo de Persoal Subalterno**, e o **martes 22** está prevista a publicación do de **Ordenanzas**.
- A semana que ven (**entre luns e mércores**) publicarase a relación de aprobados de **Bioloxía**.
- Mañá, xoves, remítese ás OOSS **para Mesa** para a **vindeira semana**:
  - RPT do Grupo V (funcionarización)
  - Modificación da Orde de flexibilidade horaria do 20/12/13
- A semana que ven teñen previsto o inicio da negociación dos **temarios da estabilización** remitidos onte.
- A preguntas das OOSS, responde:
  - Publicarase este **venres a elección de destino dos subgrupos A2 e C1**
  - Convocarán para este **venres reunión** para tratar os criterios e **cronogramas** dos procedementos da **Lei 20/2021**.
  - No cronograma establecerase a negociación de **5 bases comúns** (1 para cada grupo) para acceso por concurso e por concurso-oposición.
  - A **Orde de integración do persoal laboral fixo do CGSIB** será remitida á próxima **Mesa Xeral** para a súa negociación.

